



VOCABULARIO TEMA 7. O ESPAZO RURAL E O SECTOR PRIMARIO

Acuicultura: é a cría e cultivo de especies animais e vexetais acuáticas, mariñas ou de auga doce, fundamentalmente con fins comerciais. Algunhas das instalacións propias para a produción son os viveiros e as piscifactorías. Galicia é a principal zona acuícola de España, orientada ao cultivo de moluscos como o mexillón.

Agricultura ecolóxica: é un tipo de agricultura que se basea no uso óptimo dos recursos naturais e que non emprega produtos químicos nin organismos modificados xeneticamente. Trátase de explotacións de tipo extensivo que producen un impacto no medioambiente moito menor. O principal inconveniente que presenta é que os produtos son máis caros e chegan en menor cantidade ao consumidor. En España, os cultivos ecolóxicos máis importantes son os de viño e aceite.

Denominación de orixe: é o nome xeográfico da rexión, comarca ou localidade que garante a procedencia e calidade de certos produtos agropecuarios que teñen cualidades diferenciais debido á súa elaboración ou crianza. O produto leva unha etiqueta oficial recoñecida pola lei. O queixo do Cebreiro en Galicia ou os viños da Ribeira do Douro son un exemplo.

Desagrarización: este proceso refírese a unha diminución progresiva da contribución das actividades agrarias á xeración de ingresos, tanto no medio rural como na súa contribución ao PIB e na man de obra empregada no sector. Isto leva consigo a emigración dende as zonas rurais, o progresivo avellentamento da poboación e a diversificación das actividades económicas no medio rural.

Explotación intensiva: trátase dun sistema agrario, é dicir, dos procedementos empregados para obter produtos agrarios. O tipo intensivo caracterízase por aproveitar o terreo ao máximo mediante o emprego de moito traballo, investimentos económicos ou técnicas modernas. Busca obter os máximos beneficios e presenta un alto grao de impacto ambiental. Como exemplos podemos citar os cultivos en invernadoiro ou baixo plástico e a gandería estabulada.



Política Pesqueira Comunitaria (PPC): é a política en materia de pesca da Unión Europea. Trátase dun conxunto de normas cuxa finalidade é xestionar as flotas europeas e conservar as poboacións de peixes. Procura a xestión dos recursos comúns e que as flotas europeas gocen de igualdade de acceso aos caladoiros e ás augas da UE, permitindo aos pescadores competir equitativamente. Os obxectivos da reforma de 2013 son garantir un abastecemento de peixe seguro, conseguir unha pesca sostible e contribuír ao desenvolvemento territorial das rexións pesqueiras mantendo a poboación e creando emprego. Estes obxectivos van en liña coa proposta do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) para o período 2021-2027.

Silvicultura: é o conxunto de técnicas e coñecementos relativos ao cultivo dos bosques e dos montes para a obtención de recursos madeireiros principalmente. As especies madeirables principais son as frondosas, como faia, carballo, castiñeiro, chopo ou eucalipto, e as coníferas, como os piñeiros. As áreas de produción principais son Galicia e Asturias.